

O xénero *Lasius* Fabricius, 1804 (Hymenoptera: Formicidae) en Galicia (NO España)

Fede García

c/ Blesa, 45. E-08004 Barcelona (España). e-mail: chousas2@gmail.com

Resumo: Preséntanse novas citas galegas para as especies *Lasius brunneus* (Latreille, 1798), *Lasius alienus* (Foerster, 1850), *Lasius paralienus* Seifert, 1992, *Lasius niger* (Linnaeus, 1758), *Lasius grandis* Forel, 1909 e *Lasius platythorax* Seifert, 1991 (Hymenoptera: Formicidae). A identificación fíxose mediante os métodos biométricos necesarios no subxénero. Ademais, repásanse as fontes bibliográficas para as demais especies do xénero citadas en Galicia.

Palabras chave: Hymenoptera, Formicidae, *Lasius*, novas citas, distribución, Galicia, España.

Abstract: The genus *Lasius* Fabricius, 1804 (Hymenoptera: Formicidae) in Galicia (NW Spain). New Galician records are presented for the species *Lasius brunneus* (Latreille, 1798), *Lasius alienus* (Foerster, 1850), *Lasius paralienus* Seifert, 1992, *Lasius niger* (Linnaeus, 1758), *Lasius grandis* Forel, 1909 and *Lasius platythorax* Seifert, 1991 (Hymenoptera: Formicidae). The identification was made using the biometric methods required in the subgenus. In addition, the bibliographic sources for the other species of the genus reported from Galicia are reviewed.

Key words: Hymenoptera, Formicidae, *Lasius*, new records, distribution, Galicia, Spain.

Recibido: 26 de marzo de 2026

Publicado on-line: 11 de abril de 2026

Aceptado: 1 de abril de 2026

Introdución

O xénero de formigas *Lasius* Fabricius, 1804 (Hymenoptera: Formicidae) componse de 126 especies (Bolton, 2026) distribuídas fundamentalmente polo Holártico.

Preséntanse novas citas galegas para seis especies que pertencen ó subxénero *Lasius sensu stricto* segundo as definicións de Wilson (1955), sendo de vida libre, cor escura e tendo palpos longos e ollos ben desenvolvidos. A taxonomía deste subxénero evolucionou moito, pasando das habituais formas cuatrinomiais (xénero, especie, subespecie e variedade) dos mirmecólogos clásicos, á simplificación de Wilson (1955), quen sinonimizou moitas desas formas facendo uso de caracteres quetotáxicos sinxelos. Porén, as revisións de Seifert (1992, 2020) mostraron unha maior variedade de especies, moitas de elas crípticas. Actualmente, a identificación precisa da aplicación de metodoloxías biométricas, aínda que a ecoloxía dalgunhas das especies poida axudar.

Material e métodos

As mostras foron atopadas principalmente por busca directa nos lugares de nidificación das formigas, baixo pedras, en montóns de terra, en madeira, baixo casca de árbores, etc.

As medidas biométricas fixéronse con micrómetro ocular a un máximo de 90x, seguindo as definicións de Seifert (2020), onde poden atoparse os detalles de como tomalas:

CL: lonxitude cefálica; **CW:** largura cefálica; **CS:** media de CL e CW; **SL:** lonxitude do escapo; **PoOc:** distancia postocular, desde a beira posterior dos ollos ó perfil occipital; **EYE:** media dos diámetros

maior e menor do ollo; **PnHL**: lonxitude máxima das quetas do pronoto; **GuHL**: lonxitude máxima das quetas da gula; **nOcc**: número unilateral de quetas no perfil occipital da cabeza; **nGe**: número unilateral de quetas nas xenas; **nGu**: número unilateral de quetas na gula; **nSc**: número unilateral de quetas no perfil dorsal dos escapos; **nSt**: número unilateral de quetas no espazo entre o espiráculo propodeal e a glándula metapleural; **sqPDCL**: raíz cadrada da distancia media da pubescencia do clípeo; **MP6**: lonxitude do sexto (e derradeiro) segmento dos palpos labiais.

A identificación das mostras fíxose seguindo as claves, funcións discriminantes e descrições de Seifert (1992, 2020). Todas as mostras están depositadas na colección do autor.

Análises de compoñentes principais foron executadas usando varios índices e contas de quetas para dous grupos de especies. No caso das especies con abundosa pilosidade apendicular (*L. niger*, *L. grandis*, *L. platythorax*) usáronse os índices necesarios para executar as funcións discriminantes das claves de Seifert (2020): **CS**, **CL/CW**, **SL/CS**, **PoOc/CL**, **PnHL/CS**, **GuHL/CS**, **EYE/CS** e **sqPDCL**. No caso das especies con escasas quetas nos apéndices (*L. alienus* e *L. paralienus* xunto coa tamén presente *L. piliferus* Seifert, 1992) usáronse os índices e contas de quetas precisas para a execución das funcións discriminantes das claves de Seifert & Galkowski (2016) e Seifert (2020): **CS**, **CL/CW**, **SL/CS**, **PoOc/CL**, **EYE/CS**, **MP6/CS**, **PnHL/CS**, **GuHL/CS**, **nOcc**, **nGu**, **nHT**, **nSc**, **nSt** e **sqPDCL**. A estes datos aplicouse a eliminación da variabilidade alométrica segundo as funcións de Seifert (2020). As mostras empregadas para os análises foron tanto as deste estudo como procedentes doutras localidades ibéricas e europeas. Pola súa banda, *L. brunneus* é unha especie abondo característica de por seu (véxanse Resultados).

Resultados e discusión

As especies de cada grupo mencionado no apartado anterior amosaron unha separación clara nos análises de compoñentes principais (Figs. 1 e 2). A identificación visual previa ó traballo biométrico tivo varios erros, especialmente no caso das mostras de pequeno tamaño de *L. platythorax* identificadas coma *L. grandis*. O uso das ferramentas biométricas neste xénero é polo tanto moi importante. Os excelentes resultados tanto das funcións discriminantes como dos análises de compoñente principais, malia o traballo que leva executar as medidas, debera animar a aplicar esta metodoloxía no estudo do xénero.

Lasius brunneus (Latreille, 1798)

Especie forestal, aniñando sobre todo en madeira na base das árbores, pero tamén en niños secundarios baixo pedra (Seifert, 2018). Distribúese dende a Península Ibérica ata o Caúcaso (Seifert, 2020). Morfoloxicamente é moi característica pola pilosidade nada protuberante nos apéndices, polo escapo relativamente curto, a cabeza ancha e ter só 7 dentes mandibulares (Seifert, 1992, 2020) (Figs. 3, 4b, 5b) (Táb. I).

Collingwood & Yarrow (1969) citárona de catro localidades das provincias de A Coruña, Lugo e Ourense. Ademais, coñécese asociada a *Batrissus formicarius* Aubé, 1833 (Coleoptera: Staphylinidae: Pselaphinae) nos Ancares de Lugo (Viñolas & García, 2018) (Fig. 6).

A Coruña:

- A Castellana, Aranga: 1-VII-2007, 460 m, 43°12'14"N 8°1'3"O, bosque de ribeira, en tronco caído, con sexuados.

Lugo:

- Parga, Guitiriz: 5-VII-2007, 450 m, 43°9'N 7°50'O, carballeira. 30-VI-2017, baixo casca de carballo, na base da árbore, asociadas con pulgóns *Stomaphis* sp. (Hemiptera: Aphididae).
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 750 m, 42°37'4"N 7°11'7"O, fraga de castiñeiros.

Ourense:

- Baltar: 28-IV-2017, 800 m, 41°57'13"N 7°41'47"O, bosque de ribeira.

Pontevedra:

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, bosque de ribeira.
- Ponte da Agra, Agolada: 27-IV-2017, 260 m, 42°51'N 8°4'O, base de sobreira.

***Lasius alienus* (Foerster, 1850)**

Especie que aniña no solo e conta cunha ampla distribución europea (Seifert, 2018). Caracterízase pola pouca pilosidade, lonxitude relativa do escapo e a baixa densidade da pubescencia clipeal (Seifert, 2020) (Figs. 3a, 4a, 7, 8a) (Táb. II).

En Galicia foi citada por Collingwood & Yarrow (1969), Eiroa & Novoa (1985) e Martínez & Espadaler (1986). Estas citas previas á revisión de Seifert (1992) deben considerarse dubidasas pola confusión con especies semellantes que comparten con ela a escasa pilosidade (Fig. 9).

Mentres que no nordeste da Península Ibérica semella ser a máis frecuente do grupo, a seguinte é a única mostra galega atopada polo autor que corresponde a concepción actual da especie.

Lugo:

- San Pedro, As Nogais: 29-VI-2007, 950 m, 42°45'N 7°3'O.

***Lasius paralienus* Seifert, 1992**

Especie que aniña no solo en lugares con certo grao de humidade (Seifert, 2018), sendo de distribución europea (Seifert, 2020). Dentro das especies que teñen escasa pilosidade nos apéndices, caracterízase polo escapo relativamente longo, pola densa pubescencia no clipeo e pola ausencia de quetas no perfil inferior do propodeo (Seifert, 1992, 2020; Seifert & Galkowski, 2016) (Figs. 4c, 5c, 8b, 10) (Táb. II).

Citada anteriormente de dúas localidades das provincias de A Coruña e Lugo por Gómez *et al.* (2008) (Fig. 11). Engadimos unha nova cita.

A Coruña:

- A Ciadella, Sobrado dos Monxes: 7-V-2019, 480 m, 43°4'53"N 8°2'29"O, toxeira.

***Lasius niger* (Linnaeus, 1758)**

Especie que aniña no solo en lugares abertos, e cubrindo frecuentemente o niño cun túmulo de terra (Seifert, 2018). A súa distribución é moi ampla, de Europa a Siberia (Seifert, 2020). Morfoloxicamente, dentro das especies con abundosa pilosidade nos apéndices, distínguese sobre todo pola densa pubescencia clipeal e pola pilosidade curta (Seifert, 1992, 2020) (Figs. 4e, 5e, 8d, 12) (Táb. III). As raíñas presentan un mesosoma co escutelo moi prominente sobre o propodeo (Fig. 13b).

Aínda ter a maior parte das citas antigas para o xénero, a confusión con outras especies antes da revisión de Seifert (1992) fai que deban considerarse dubidasas. É unha especie moi frecuente na maior parte de Europa, pero na Península Ibérica as citas recentes confirmadas parecen restrinxirse á metade norte. En Galicia foi citada por Medina (1892), Santschi (1925), Collingwood & Yarrow (1969) e Eiroa & Novoa (1985) (Fig. 14).

A Coruña:

- A Coruña: 4-VIII-2006, 43°22'N 8°24'O, parque urbano.
- As Pontes de García Rodríguez: 19-VII-2007, 560 m, 43°34'46"N 7°47'34"O, toxeira.
- Coirós: 10-VIII-2007, 43°15'N 8°9'O, prados.
- Praia de Morouzos, Ortigueira: 8-VII-2007, 5 m, 43°42'N 7°50'O, dunas.
- Praia Grande, Miño: 31-VII-2007, 5 m, 43°21'41"N 8°12'25"O, dunas.
- Toques: 9-VIII-2006, 450 m, 42°57'N 7°58'O, beira de labradíos.

Lugo:

- A Rochela, Ribadeo: 18-VI-2008, 20 m, 43°33'N 7°8'O, prado.

- Castro de Ribeiras de Lea, Castro de Rei: 24-VIII-2007, 410 m, 43°8'23"N 7°29'15"O, prado.
- Foz: 30-VI-2022, 3 m, 43°34'2"N 7°15'14"O, parque urbano.
- Mondoñedo: 24-IV-2017, 150 m, 43°25'N 7°21'O, beirarrúa.
- Monte das Fontelas, Abadín: 16-X-2016, 700 m, 43°22'1"N 7°23'18"O, prado, baixo pedra.
- Negueira de Muñiz. 1-X-2008, 230 m, 43°8'35"N 6°53'2"O.
- Parga, Guitiriz: 450 m, 43°9'21"N 7°50'19"O, prados, labradíos. Voos nupciais observados repetidamente a finais de xuño desde o ano 2015.
- San Pedro, As Nogais: 29-VI-2007, 950 m, 42°45'N 7°3'O.
- Serra do Careón, Palas de Rei: 25-VI-2016, 750 m, 42°56'35"N 7°54'13"O, toxeira.
- Serra do Xistral, Muras: 23-VI-2017, 920 m, 43°27'8"N 7°35'28"O, prados.

***Lasius grandis* Forel, 1909**

Aniña no solo en grande variedade de hábitats, sendo posiblemente a especie do xénero máis abundosa na Península Ibérica (Seifert, 1992), distribuíndose ademais polo sur de Francia, Córsega e Sardeña (Seifert, 2020). A especie diferénciase de *L. niger* pola menor densidade da pubescencia clipeal, e de *L. platythorax* Seifert, 1991 pola maior lonxitude dos escapos e a máis curta pilosidade (Seifert, 1992, 2020) (Figs. 4f, 5f, 8c, 15) (Táb. III). As raíñas presentan un mesosoma bastante plano, co escutelo pouco prominente sobre o propodeo (Fig. 13c).

As únicas citas galegas polo de agora eran as de Viñolas *et al.* (2018) na Serra do Careón e no Courel, coas formigas asociadas co mirmecófilo *Claviger piochardi* Saulcy, 1874 (Coleoptera: Staphylinidae: Pselaphinae) (Fig. 16). Polo que parece, é a especie máis abundosa do grupo en Galicia.

A Coruña:

- A Coruña: 12-VII-2007, 100 m, 43°22'40"N 8°26'8"O, parque urbano.
- Betanzos: 10-VIII-2008, 43°17'N 8°12'O, beirarrúa.
- Cabo Vilán, Camariñas: 21-VI-2016, 40 m, 43°9'27"N 9°12'37"O, prado.
- Estaca de Bares, Bares: VI-2015, 50 m, 43°47'N 7°41'O, prado.
- Martices, Monfero: 3-IX-2008, 520 m, 43°19'40"N 7°53'48"O, toxeira.
- Santiago de Compostela: 2-VII-2022, 250 m, 42°52'N 8°32'O, beirarrúa.
- Santo André de Teixido, Cedeira: X-2015, 360 m, 43°42'9"N 7°59'29"O, prados.

Lugo:

- Doade, Sober: 5-VII-2016, 580 m, 42°24'50"N 7°27'1"O, queirogal, baixo pedra.
- Mustallar, Cervantes: VII-2017, 1600 m, 42°49'36"N 6°51'12"O, prado
- Formigueiros, Folgoso do Courel: 3-X-2008, 1406 m, 42°36'N 7°5'O, queirogal.
- Foz: VI-2015, 10 m, 43°34'14"N 7°15'19"O, beirarrúa.
- Mesón da Cabra, Guitiriz: 28-VIII-2006, 450 m, 43°10'40"N 7°49'39"O, prado.
- Pedras Apañadas, A Fonsagrada: 1-X-2008, 1190 m, 43°08'4"N 6°57'27"O, toxeira.
- San Mamede, Portomarín: 17-VI-2019, 410 m, 42°47'N 7°39'O, prado.
- San Paio de Narla, Friol: 11-VII-2007, 490 m, 43°1'N 7°48'O, prado.
- San Pedro, As Nogais: 29-VI-2007, 950 m, 42°45'N 7°3'O, prado.
- San Pedro de Lánacara, Lánacara: 10-VII-2007, 460 m, 42°51'N 7°21'O, prado.
- Santa María, Pedrafita do Cebreiro: 30-VII-2007, 1350 m, 42°42'39"N 7°1'39"O, prado.
- Sobredo, Folgoso do Courel: 25-IV-2018, 740 m, 42°37'2"N 7°11'10"O, carballeira aberta.
- Xermade: 18-VII-2008, 533 m, 43°20'22"N 7°49'38"O, toxeira.

Ourense:

- Serra de Larouco, Baltar: 28-IV-2017, 1200 m, 41°54'N 7° 42'O, queirogal.
- Val da Cabra, Manzaneda: 6-VII-2018, 910 m, 42°17'8"N 7°13'45"O, prado.

Pontevedra:

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, toxeira, baixo pedra.

- Santa Trega, A Guarda: 7-IV-2007, 250 m, 41°53'N 8°52'O.

***Lasius platythorax* Seifert, 1991**

Especie sobre todo forestal, aniñando en madeira morta, aínda que pode atoparse tamén en áreas abertas se son moi húmidas (Seifert, 2018). Distribúese de Europa ata Asia Central (Seifert, 2020). A especie caracterízase pola pouca densidade da pubescencia clipeal, a pilosidade en xeneral longa, a cabeza relativamente ancha e escapos curtos (Seifert, 1992, 2020) (Figs. 4d, 5d, 8e, 17) (Táb. III). As raíñas presentan un mesosoma bastante plano, co escutelo pouco prominente sobre o propodeo (Fig. 13a).

A cita para a especie de Ancares co parasito *Microdon analis* (Macquart, 1842) (Diptera: Syrphidae) (García, 2018) é errónea, sendo realmente *L. grandis*. Aínda sendo a única mostra estudada da especie clasificada visualmente como *L. platythorax* que está errada, isto demostra a necesidade da biometría neste complexo xénero. Polo tanto, as seguintes son as primeiras citas confirmadas para Galicia (Fig. 18).

A Coruña:

- A Castellana, Aranga: 1-VII-2007, 450 m, 43°11'N 8°1'O, beira de bosque de ribeira.
- Coirós: 10-VIII-2007, 43°15'N 8°9'O, prado.
- O Pino: 2-VII-2022, 280 m, 42°56'40"N 8°20'29"O eucaliptal.
- Ortigueira: 19-VII-2007, 50 m, 43°42'11"N 7°48'8"O, eucaliptal.
- Osedo, Sada: 6-X-2021, 120 m, 43°20'12"N 8°17'20"O, eucaliptal.
- Sobrado dos Monxes: 1-VII-2007, 525 m, 43°2'15"N 8°0'6"O.

Lugo:

- A Fonsagrada: 1-X-2008, 887 m, 43°6'50"N 7°5'42"O, carballeira.
- As Brañas, A Pastoriza: 24-IV-2017, 600 m 43°22'25"N 7°20'14"O, piñeiral.
- Cospeito: 12-VIII-2006, 400 m, 43°15'6"N 7°32'33"O, bosque de ribeira.
- Outeiro, O Incio: 5-VII-2016, 560 m, 42°41'55"N 7°27'43"O, carballeira.
- Parga, Guitiriz: 26-VII-2006, 450 m, 43°9'N 7°50'O, carballeira. Con sexuados.

Ourense:

- Regato Barreal, Castro Caldelas: 20-VI-2020, 580 m, 42°22'31.8"N 7°26'19.3"O, carballeira.

Pontevedra:

- Galiñeiro, Gondomar: 5-VII-2007, 600 m, 42°8'N 8°42'O, bosque de ribeira. Con sexuados.
- Ponte da Agra, Agolada: 27-IV-2017, 260 m, 42°51' 8°4'O, bosque de ribeira.

Outras especies de *Lasius* citadas en Galicia

Outras tres especies de *Lasius s. str.* contan con citas en Galicia:

- *Lasius piliferus* Seifert, 1992 está amplamente distribuída por Galicia (García et al., 2019).
- *Lasius psammophilus* Seifert, 1992, especie moi semellante á anterior (Seifert, 2020), foi citada en tres localidades costeiras de A Coruña e Pontevedra (Gómez et al., 2008).
- *Lasius emarginatus* (Olivier, 1791) fora citada por Navás (1924), Santschi (1925) e Collingwood & Yarrow (1969). Porén, a especie non foi atopada nunca polo autor nin en Galicia nin en Castela e León. Como esta especie ten abondosa pilosidade apendicular e un mesosoma de cor vermelloza, pode ser facilmente confundida con algunhas poboacións bicoloras de *L. grandis* (Seifert, 2020), e é probable que as citas antigas correspondan a esa especie.

Noutros subxéneros, *Cautolasius* Wilson, 1955 inclúe dúas especies con citas ibéricas. A distribución galega da especie endoxea *Lasius flavus* (Fabricius, 1782) foi revisada recentemente por García (2025). *Lasius myops* Forel, 1894, unha especie semellante pero máis termófila, foi citada da Limia por Suñer et al. (1991).

O subxénero parasito *Chthonolasius* Ruzsky, 1912 conta con cinco especies en Galicia (García, 2019): *Lasius citrinus* Emery, 1922, *Lasius mixtus* (Nylander, 1846), *Lasius sabularum* (Bondroit, 1918), *Lasius umbratus* (Nylander, 1846) e *Lasius meridionalis* (Bondroit, 1920).

Finalmente, a tamén parasita *Lasius fuliginosus* (Latreille, 1798), pertencente ó subxénero *Dendrolasius* Ruzsky, 1912, foi tratada por García (2025).

Agradecementos

A Raquel Mosull, Suso Buján, Suso López, Miquel Pascual e Ali Fresno, por acompañar ó autor en moitas das saídas de campo.

Bibliografía

Bolton, B. 2026. *Antcat.org. Lasius*. <https://www.antcat.org/catalog/429161?qq=Lasius>. [Consultada 2-III-2026].

Collingwood, C.A. & Yarrow, I.H.H. 1969. A survey of Iberian Formicidae (Hymenoptera). *Eos*, **44**: 53-101.

Eiroa, M.E. & Novoa, F. 1985. La entomofauna de las dunas de la playa de Barra (Cangas, Pontevedra), I: Hymenoptera, Aculeata. *Boletín de la Asociación española de Entomología*, **9**: 15-30.

García, F. 2018. Sobre algúns mirmecófilos galegos, cunha especie nova para España, *Microdon myrmicae* Schönrogge et al., 2002 (Diptera: Syrphidae), e *Coccinella magnifica* Redtenbacher, 1843 (Coleoptera: Coccinellidae) nova para Galicia. *Arquivos Entomolóxicos*, **19**: 139-146.

García, F. 2019. O subxénero *Chthonolasius* Ruzsky, 1912 (Hymenoptera: Formicidae) en Galicia, no contexto ibérico. *Arquivos Entomolóxicos*, **21**: 179-192.

García, F. 2025. Novas citas de formigas para Galicia (NO España) (Hymenoptera: Formicidae). *Arquivos Entomolóxicos*, **33**: 65-92.

García, F., Cuesta-Segura, A.D., Espadaler, X., García, J.C. & Sánchez-García, D. 2019. *Lasius piliferus* Seifert, 1992: descripción de la reina y actualización de su distribución ibérica (Hymenoptera: Formicidae). *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, **65**: 39-44.

Gómez, K., García, F. & Espadaler, X. 2008. Dos especies del género *Lasius* Fabricius 1804 (Hymenoptera, Formicidae) nuevas para la Península Ibérica. *Orsis*, **23**: 163-166.

Martínez, M. D. & Espadaler, X. 1986. Revisión de las hormigas ibéricas de la colección M. Medina y nuevos datos de distribución. *Actas de las VIII Jornadas de la Asociación española de Entomología*, 1022-1034.

Medina, M. 1892. Himenópteros de La Coruña. *Actas de la Sociedad española de Historia Natural*, **21**: 69-70.

Navás, L. 1924. Mis excursiones entomológicas del verano de 1924. *Brotéria*, **21**: 115-149.

Santschi, F. 1925. Fourmis d'Espagne et autres espèces paléarctiques (Hymenopt.). *Eos*, **1**: 339-360.

Seifert, B. 1992. A taxonomic revision of the Palearctic members of the ant subgenus *Lasius* s. str. *Abhandlungen und Berichte des Naturkundemuseums Görlitz*, **66**(5): 1-66.

Seifert, B. 2018. *The Ants of Central and North Europa*. Lutra Verlags, Tauer, 408 pp.

Seifert, B. 2020. A taxonomic revision of the Palaearctic members of the subgenus *Lasius* s. str. (Hymenoptera, Formicidae). *Soil organisms*, **92**(1): 15-86.

Seifert, B. & Galkowski, C. 2016. The Westpalaearctic *Lasius paralienus* complex (Hymenoptera: Formicidae) contains three species. *Zootaxa*, **4132**(1): 44-58.

Suñer, D., Gómez, C. & Espadaler, X. 1991. Poblaciones meridionales de *Lasius flavus* (Fabr.) y *L. myops* Forel: estudio biométrico. *Orsis*, **6**: 101-108.

Viñolas, A. & García, F. 2018. Nuevos datos sobre dos especies de Pselaphinae mirmecófilos (Coleoptera, Staphylinidae) de Lugo (Galicia, España) y sus hospedadores (Hymenoptera, Formicidae). *Arquivos Entomológicos*, **19**: 65-72.

Wilson, E.O. 1955. A monographic revision of the ant genus *Lasius*. *Bulletin of the Museum of Comparative Zoology, Harvard*, **113**: 3-205.




Fig. 1. - Análise de compoñentes principais coas medias de niños para sete índices de obreiras de *L. niger* (n=21), *L. grandis* (n=36) e *L. platythorax* (n=25), incluíndo as mostras galegas estudadas.




Fig. 2.- Análise de compoñentes principais coas medias de niños para 13 índices e contas de quetas de obreiras de *L. paralienus* (n=12), *L. piliferus* + *L. psammophilus* (n=22) e *L. alienus* (n=21), incluíndo as mostras galegas estudadas.




Fig. 3.- Obreira de *L. brunneus* de A Castellana, Aranga (A Coruña). **3a.-** Mesosoma en vista lateral. **3b.-** Cabeza en vista frontal.




Fig. 4.- Escapos de obreiras galegas de *Lasius*, vista dorsal. 4a.- *L. alienus*. 4b.- *L. brunneus*. 4c.- *L. paralienus*. 4d.- *L. platythorax*. 4e.- *L. niger*. 4f.- *L. grandis*.

Fig. 5.- Tibias posteriores de obreiras galegas de *Lasius*, vista lateral. 5a.- *L. alienus*. 5b.- *L. brunneus*. 5c.- *L. paralienus*. 5d.- *L. platythorax*. 5e.- *L. niger*. 5f.- *L. grandis*.




Fig. 6.- Mapa de citas ibéricas de *L. brunneus*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas. Hai que ter en conta que as citas antigas poden corresponder tanto a *L. brunneus* como a súa especie xemelga máis mediterránea *Lasius lasioides* (Emery, 1869).

6




Fig. 7.- Obreira de *L. alienus* de San Pedro, As Nogais (Lugo). 7a.- Mesosoma en vista lateral. 7b.- Cabeza en vista frontal.

Fig. 8.- Clípeos de obreiras galegas de *Lasius*, vista frontal. 8a.- *L. alienus*. 8b.- *L. paralienus*. 8c.- *L. grandis*. 8d.- *L. niger*. 8e.- *L. platythorax*.




Fig. 9.- Mapa de citas ibéricas de *L. alienus*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrado vermello: nova. Hai que ter en conta que as citas antigas poden corresponder tanto a *L. alienus* como a outras especies semellantes.





Fig. 10.- Obreira de *L. paralienus* de Parga, Guitiriz (Lugo). 10a.- Mesosoma en vista lateral. 10b.- Cabeza en vista frontal.


Fig. 11.- Mapa de citas ibéricas para *L. paralienus*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrado vermello: nova.

Fig. 12.- Obreira de *L. niger* de Parga, Guitiriz (Lugo). 12a.- Mesosoma en vista lateral. 12b.- Cabeza en vista frontal.


Fig. 13.- Mesosomas en vista lateral de raíñas de *Lasius*. 13a.- *L. platythorax*. 13b.- *L. niger*. 13c.- *L. grandis*.



14



16



18



15a



15b



17a



17b

Fig. 14.- Mapa de citas ibéricas para *L. niger*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas. Hai que ter en conta que as citas antigas poden corresponder tanto a *L. niger* como as súas especies xemelgas *L. grandis* ou *L. platythorax*.

Fig. 15.- Obreira de *L. grandis* de Portomarín (Lugo). 15a.- Mesosoma en vista lateral. 15b.- Cabeza en vista frontal.

Fig. 16.- Mapa de citas ibéricas para *L. grandis*. Círculos amarelos: bibliográficas. Cadrados vermellos: novas.

Fig. 17.- Obreira de *L. platythorax* de Parga (Lugo). 17a.- Mesosoma en vista lateral. 17b.- Cabeza en vista frontal.

Fig. 18.- Mapa de citas ibéricas para *L. platythorax*. Círculos amarelos: bibliográficas; cadrados vermellos: novas.

Táboa I.- Datos biométricos de obreiras de *L. brunneus* estudadas. Medias de niños ± desviación estándar.

Localidade	A Castellana	Sobredo	Parga	Baltar	Ponte da Agra	Galiñeiro
n=	2	3	4	4	2	4
CS	1130,5 ± 13	1007,5 ± 20	1058,1 ± 78	800,6 ± 39	1047,7 ± 44	993 ± 51
CL/CW	0,962 ± 0,007	1,018 ± 0,006	1,008 ± 0,009	1,039 ± 0,01	1,012 ± 0,020	1,003 ± 0,020
SL/CS	0,834 ± 0,003	0,863 ± 0,017	0,865 ± 0,006	0,883 ± 0,02	0,816 ± 0,001	0,871 ± 0,012
nOcc	3,25 ± 1,06	3,666 ± 0,28	2,125 ± 0,85	3 ± 1,08	3,25 ± 0,35	2,75 ± 0,86
PnHL/CS	0,09 ± 0,008	0,089 ± 0,001	0,094 ± 0,002	0,098 ± 0,007	0,091 ± 0,004	0,096 ± 0,007

Táboa II.- Datos biométricos de obreiras de *L. alienus* e *L. paralienus* estudadas. Disc Seifert'20 S&G'16 corresponden ós valores para as funcións discriminantes das claves de Seifert (2020) e Seifert & Galkowski (2016), respectivamente. Medias de niños ± desviación estándar.

Localidade	As Nogais	Sobrado dos Monxes
Especie	<i>L. alienus</i>	<i>L. paralienus</i>
n=	4	5
CS	841,1 ± 11	854,3 ± 7
CL/CW	1,078 ± 0,010	1,082 ± 0,009
PoOc/CL	0,246 ± 0,004	0,244 ± 0,007
SL/CS	0,940 ± 0,017	0,988 ± 0,014
EYE/CS	0,270 ± 0,011	0,240 ± 0,003
MP6/CS	0,181 ± 0,006	0,178 ± 0,006
PnHL/cs	0,152 ± 0,004	0,129 ± 0,005
GuHL/cs	0,081 ± 0,0003	0,092 ± 0,001
nOcc	6,375 ± 1,652	8,6 ± 1,949
nGu	0,375 ± 0,478	2,375 ± 0,75
nHT	1,125 ± 0,75	1,6 ± 0,418
nSc	0 ± 0	0 ± 0
nSt	1 ± 0	2 ± 0,707
sqPDCL	4,263 ± 0,276	3,726 ± 0,361
disc Seifert'20 9	-0,422 ± 0,386	1,198 ± 0,562
disc S&G'16 2	-	-1,897 ± 0,383
disc S&G'16 5	-	-1,931 ± 0,558

PÁXINA SEGUINTE ►►►

Táboa III.- Datos biométricos de obreiras estudadas de *L. niger*, *L. grandis* e *L. platythorax*. Disc. Seifert'20: resultado das funcións discriminantes dos pasos 18 (<0 para *L. niger*), 19 (<0 para *L. platythorax*) e 24 (<0 para *L. grandis*) das claves de Seifert (2020). Medias de niños ± desviación estándar.

Táboa III. - [ven da páxina anterior].

Localidade	n	CS	CL/CW	SL/CS	PoOc/CL	PnHL/CS	GuHL/CS	sqPDCL	disc Seifert'20 18	disc Seifert'20 19	disc Seifert'20 24
<i>Lasius niger</i>											
A Coruña	4	1005,6 ± 38	1,023 ± 0,021	0,935 ± 0,012	0,239 ± 0,006	0,123 ± 0,011	0,081 ± 0,007	4,376 ± 0,371	-2,850 ± 0,848	-	-
Coirós	3	1045,3 ± 28	1,018 ± 0,006	0,947 ± 0,007	0,232 ± 0,008	0,118 ± 0,003	0,075 ± 0,002	3,88 ± 0,056	-3,181 ± 0,557	-	-
Miño	2	854,7 ± 105	1,081 ± 0,009	0,943 ± 0,020	0,247 ± 0,003	0,126 ± 0,006	0,086 ± 0,001	3,963 ± 0,290	-2,378 ± 1,084	-	-
Ortigueira	4	977,3 ± 16	1,047 ± 0,010	0,971 ± 0,007	0,231 ± 0,003	0,118 ± 0,017	0,083 ± 0,016	3,715 ± 0,327	-2,482 ± 0,983	-	-
As Pontes	2	784,2 ± 41	1,077 ± 0,012	0,941 ± 0,005	0,240 ± 0,007	0,118 ± 0,001	0,100 ± 0,005	4,643 ± 0,156	-1,537 ± 0,554	-	-
Toques	5	973 ± 54	1,040 ± 0,005	0,953 ± 0,022	0,236 ± 0,005	0,118 ± 0,009	0,065 ± 0,011	3,746 ± 0,203	-3,785 ± 1,163	-	-
As Fontelas	2	946,2 ± 11	1,053 ± 0,001	0,947 ± 0,036	0,230 ± 0,008	0,125 ± 0,006	0,089 ± 0,007	3,95 ± 0,096	-2,175 ± 0,012	-	-
Castro	4	952,1 ± 11	1,048 ± 0,009	0,967 ± 0,009	0,229 ± 0,006	0,121 ± 0,004	0,080 ± 0,006	3,842 ± 0,069	-2,483 ± 0,563	-	-
Foz	2	1021 ± 76	1,050 ± 0,015	0,943 ± 0,001	0,242 ± 0,011	0,132 ± 0,006	0,088 ± 0,006	4,110 ± 0,323	-1,819 ± 0,293	-	-
Parga	3	951 ± 53	1,036 ± 0,012	0,958 ± 0,004	0,229 ± 0,007	0,131 ± 0,010	0,087 ± 0,003	3,873 ± 0,250	-1,819 ± 0,659	-	-
Mondoñedo	2	929,7 ± 23	1,036 ± 0,001	0,954 ± 0,013	0,240 ± 0	0,109 ± 0,002	0,067 ± 0,006	4,093 ± 0,106	-3,858 ± 0,421	-	-
Serra do Xistral	4	988,7 ± 21	1,035 ± 0,014	0,931 ± 0,012	0,235 ± 0,008	0,114 ± 0,010	0,071 ± 0,012	4,23 ± 0,434	-3,810 ± 0,980	-	-
As Nogais	2	1022,5 ± 31	1,033 ± 0,001	0,950 ± 0,005	0,233 ± 0,015	0,133 ± 0,004	0,082 ± 0,010	4,025 ± 0,202	-1,990 ± 0,856	-	-
Nequeira de Muñiz	2	971 ± 12	1,034 ± 0	0,957 ± 0,012	0,226 ± 0,014	0,119 ± 0,002	0,099 ± 0,025	4,207 ± 0,459	-1,570 ± 0,590	-	-
Serra do Careón	2	942,2 ± 52	1,045 ± 0,015	0,950 ± 0,021	0,236 ± 0,005	0,125 ± 0,001	0,072 ± 0,004	4,643 ± 0,156	-2,448 ± 0,433	-	-
A Rochela	2	996,2 ± 47	1,051 ± 0,027	0,942 ± 0,033	0,235 ± 0,003	0,108 ± 0,012	0,079 ± 0,003	4,753 ± 0	-3,099 ± 1,593	-	-
<i>Lasius grandis</i>											
Estaca Bares	2	1046 ± 35	1,049 ± 0,001	1,015 ± 0,034	0,224 ± 0,003	0,124 ± 0,003	0,118 ± 0,004	5,218 ± 0,656	1,718 ± 1,237	2,185 ± 0,774	-1,460 ± 1,272
A Coruña	2	967,25 ± 6	1,080 ± 0,012	1,012 ± 0,017	0,235 ± 0,003	0,122 ± 0,007	0,114 ± 0,011	5,011 ± 0	1,177 ± 1,376	1,563 ± 0,343	-4,572 ± 0,567
Betanzos	3	989 ± 31	1,078 ± 0,011	1,046 ± 0,027	0,223 ± 0,002	0,141 ± 0,004	0,121 ± 0,009	4,925 ± 0,148	3,234 ± 1,102	3,085 ± 0,631	-2,266 ± 0,685
Cabo Vilán	3	879,8 ± 43	1,107 ± 0,026	1,012 ± 0,011	0,227 ± 0,004	0,136 ± 0,001	0,117 ± 0,005	5,336 ± 0,335	2,345 ± 0,567	2,409 ± 1,783	-3,072 ± 0,254
S. André de Teixido	3	946,1 ± 43	1,072 ± 0,003	1,016 ± 0,015	0,226 ± 0,002	0,123 ± 0,009	0,115 ± 0,005	4,953 ± 0,394	1,356 ± 0,957	2,098 ± 0,879	-3,551 ± 1,266
Martices	2	973,2 ± 8	1,066 ± 0,006	0,997 ± 0,020	0,226 ± 0,002	0,124 ± 0,013	0,116 ± 0,001	4,754 ± 0	0,888 ± 1,210	1,643 ± 0,143	-1,506 ± 0,323
Santiago de Comp.	2	1020,7 ± 11	1,067 ± 0,001	1,032 ± 0	0,212 ± 0,008	0,143 ± 0,001	0,104 ± 0,022	5,498 ± 0,259	2,600 ± 0,865	3,859 ± 0,885	-0,092 ± 0,038
Mustallar	3	1032 ± 9	1,048 ± 0,001	1,013 ± 0,009	0,230 ± 0,003	0,127 ± 0,005	0,115 ± 0,006	4,925 ± 0,148	1,502 ± 0,305	1,185 ± 0,513	-4,458 ± 1,688
Formigueiros	2	879,5 ± 35	1,099 ± 0,004	1,019 ± 0,014	0,234 ± 0,003	0,122 ± 0,003	0,122 ± 0,003	5,498 ± 0,259	2,111 ± 0,41	1,747 ± 0,529	-2,914 ± 0,682
Sobredo	3	939,3 ± 33	1,102 ± 0,017	1,048 ± 0,007	0,227 ± 0,002	0,144 ± 0,010	0,124 ± 0,003	5,682 ± 0	4,114 ± 0,514	3,167 ± 0,907	-2,935 ± 0,442
Pedras Apañadas	2	792,5 ± 29	1,099 ± 0,019	1,058 ± 0,024	0,220 ± 0,006	0,132 ± 0,009	0,099 ± 0,003	5,682 ± 0	2,425 ± 1,221	2,736 ± 0,013	-2,559 ± 0,287
Foz	2	1087,2 ± 11	1,046 ± 0,022	0,984 ± 0	0,223 ± 0	0,130 ± 0,005	0,130 ± 0,005	5,346 ± 0,474	2,027 ± 0,261	1,948 ± 1,142	-4,460 ± 1,251
San Paio de Narla	2	933,7 ± 29	1,082 ± 0,011	1,022 ± 0,019	0,230 ± 0,003	0,133 ± 0,013	0,115 ± 0,004	5,498 ± 0,259	2,349 ± 0,689	1,727 ± 0,192	-3,798 ± 0,393
Mesón da Cabra	2	801 ± 53	1,097 ± 0,008	0,997 ± 0,066	0,227 ± 0,002	0,127 ± 0,008	0,132 ± 0,021	5,163 ± 0,214	2,183 ± 0,949	1,089 ± 0,522	-5,444 ± 0,200
S. Pedro de Láncara	2	875,7 ± 6	1,110 ± 0,014	1,023 ± 0,007	0,234 ± 0,003	0,132 ± 0,005	0,129 ± 0,001	5,011 ± 0	2,696 ± 0,499	2,0 ± 1,170	-4,332 ± 0,540
San Pedro	2	850,7 ± 41	1,113 ± 0,009	1,054 ± 0,023	0,231 ± 0,001	0,139 ± 0,002	0,126 ± 0,002	5,726 ± 0,581	4,144 ± 0,714	2,507 ± 0,363	-3,192 ± 0,824
Santa María	3	980,8 ± 35	1,061 ± 0,015	1,021 ± 0,015	0,230 ± 0,007	0,138 ± 0,005	0,115 ± 0,007	5,589 ± 0,474	2,682 ± 0,348	1,101 ± 0,256	-2,485 ± 2,246
San Mamede	2	913 ± 34	1,095 ± 0,003	1,018 ± 0,013	0,226 ± 0,008	0,129 ± 0,003	0,123 ± 0,004	4,771 ± 0,338	2,003 ± 0,591	2,615 ± 0,840	-2,903 ± 1,577
Doade	3	852,1 ± 25	1,124 ± 0,003	1,025 ± 0,021	0,230 ± 0,003	0,132 ± 0,003	0,103 ± 0,012	5,234 ± 0,387	1,629 ± 0,967	2,947 ± 0,633	-4,483 ± 1,646
Xermade	2	942 ± 64	1,102 ± 0,020	1,040 ± 0,020	0,243 ± 0,002	0,116 ± 0,013	0,116 ± 0	5,315 ± 0	1,831 ± 0,043	2,019 ± 0,723	-4,760 ± 0,836
Serra do Larouco	3	915,6 ± 21	1,081 ± 0,009	1,027 ± 0,015	0,217 ± 0,009	0,140 ± 0,014	0,117 ± 0,007	5,149 ± 0,479	2,687 ± 0,851	2,833 ± 1,032	-1,789 ± 1,742
Val da Cabra	3	975,1 ± 39	1,068 ± 0,020	1,004 ± 0,011	0,225 ± 0,006	0,123 ± 0,005	0,135 ± 0,017	4,787 ± 0,387	1,989 ± 1,044	2,110 ± 0,229	-4,326 ± 1,230
Galiñeiro	3	949 ± 67	1,104 ± 0,003	1,029 ± 0,011	0,233 ± 0,006	0,135 ± 0,017	0,127 ± 0,010	5,026 ± 0,280	2,910 ± 1,360	2,645 ± 1,871	-3,829 ± 1,697
A Guarda	3	1001,6 ± 41	1,068 ± 0,002	1,005 ± 0,009	0,227 ± 0,009	0,133 ± 0,008	0,116 ± 0,002	4,941 ± 0,323	1,660 ± 0,518	1,876 ± 0,779	-3,143 ± 1,106
<i>Lasius platythorax</i>											
A Castellana	2	975,2 ± 17	1,044 ± 0,037	0,978 ± 0,005	0,25 ± 0	0,156 ± 0,005	0,115 ± 0,002	4,643 ± 0,156	2,012 ± 0,061	-3,272 ± 1,868	-
Coirós	3	934,1 ± 33	1,041 ± 0,021	0,983 ± 0,014	0,244 ± 0,009	0,157 ± 0,005	0,123 ± 0,006	5,112 ± 0,175	2,702 ± 0,228	-3,217 ± 0,621	-
Ortigueira	2	958,5 ± 5	1,043 ± 0,012	0,961 ± 0,006	0,245 ± 0,012	0,159 ± 0,009	0,121 ± 0,005	5,107 ± 0,813	2,382 ± 1,180	-3,320 ± 1,241	-
O Pino	2	1021 ± 0	1,015 ± 0	0,934 ± 0,033	0,262 ± 0,005	0,154 ± 0	0,116 ± 0,007	5,346 ± 0,474	1,489 ± 0,004	-6,196 ± 1,154	-
Osedo	2	946,2 ± 58	1,037 ± 0,027	0,981 ± 0,013	0,262 ± 0,006	0,137 ± 0,014	0,119 ± 0,007	5,498 ± 0,259	1,943 ± 0,805	-4,834 ± 0,800	-
Sobrado dos Monxes	4	959,2 ± 51	1,032 ± 0,015	0,958 ± 0,039	0,235 ± 0,008	0,162 ± 0,007	0,105 ± 0,005	4,856 ± 0,402	1,190 ± 0,300	-4,260 ± 0,524	-
Cospeito	5	933,3 ± 55	1,051 ± 0,019	0,965 ± 0,020	0,260 ± 0,011	0,167 ± 0,014	0,125 ± 0,006	5,932 ± 0,58	3,756 ± 1,321	-5,112 ± 0,804	-
A Fonsagrada	2	962,5 ± 0	1,034 ± 0	0,965 ± 0,024	0,250 ± 0,005	0,158 ± 0,008	0,117 ± 0,015	6,137 ± 0	3,006 ± 1,789	-4,150 ± 0,531	-
Parga	4	1011,2 ± 46	1,023 ± 0,015	0,984 ± 0,032	0,240 ± 0,009	0,165 ± 0,005	0,121 ± 0,006	5,330 ± 0,274	3,390 ± 1,222	-2,920 ± 1,961	-
Outeiro	4	932,1 ± 33	1,036 ± 0,019	0,981 ± 0,014	0,249 ± 0,015	0,157 ± 0,008	0,098 ± 0,066	5,122 ± 0,415	3,200 ± 0,723	-4,045 ± 1,042	-
As Brañas	3	1040,1 ± 26	1,032 ± 0,015	0,957 ± 0,015	0,254 ± 0,003	0,155 ± 0,002	0,108 ± 0,002	5,458 ± 0,387	1,741 ± 0,585	-3,915 ± 0,789	-
Castro Caldelas	2	1041,7 ± 11	1,024 ± 0,023	0,940 ± 0,011	0,244 ± 0,011	0,143 ± 0,002	0,118 ± 0	5,498 ± 0,259	1,670 ± 0	-3,087 ± 0,434	-
Agolada	2	904,5 ± 58	1,075 ± 0,005	0,990 ± 0,013	0,252 ± 0,003	0,159 ± 0,005	0,125 ± 0,025	5,909 ± 0,321	3,870 ± 1,533	-2,672 ± 0,407	-
Galiñeiro	5	1031,7 ± 34	1,020 ± 0,009	0,972 ± 0,008	0,247 ± 0,007	0,144 ± 0,015	0,113 ± 0,015	5,05 ± 0,35	1,459 ± 0,956	-3,277 ± 0,401	-